

9 de marzo

# Folga Xeral

no Ensino

- Pola dignificación das condicións de traballo
- Pola reversión dos recortes
- Polo dereito á educación
- Pola derogación da LOMCE e as reformas universitarias

## Mobilízate!



Defende os teus dereitos!

[www.ccooensino.gal](http://www.ccooensino.gal)



# 9 de marzo

## Unha folga xeral necesaria

Poucas cousas cambiaron en Educación co novo Goberno do PP. Pese ao seu discurso triunfalista sobre a situación económica, non se están recuperando os dereitos perdidos nos últimos anos. É máis, coas previsións de gasto educativo que o Executivo enviou a Bruxelas, consolidanse os recortes, que en 2018 concretaranse en 10.000 millóns de euros menos para educación.

Os recortes estanse orientando á substitución do dereito á educación pola privatización dos servizos públicos. Aínda que algúns gobernos de comunidade autónoma están facendo esforzos por minoralos, estes vólvense infrutuosos ao estar limitados polo teito de gasto. Para garantir unha recuperación eficaz, é necesario que os recortes que o PP impuxo con carácter básico sexan revertidos en todo o Estado.

O profesorado é un elemento primordial para o sistema educativo. O Goberno manifestou a súa intención de iniciar a negociación que a FECCOO vén esixindo xunto ao resto de sindicatos. O certo é que esta non chega, e tampouco o fan as melloras prometidas.

Cremos que é necesario continuar apostando por un sistema educativo mellor e máis democrático, pero as políticas educativas do PP só pretenden satisfacer un pequeno grupo social. Por todo iso, convocamos, xunto con outras organizacións sindicais e o aval de toda a comunidade educativa, unha **FOLGA XERAL** do ENSINO para o día **9 de marzo**.

# Mobilízate!

## Entre as demandas que consideramos urxentes, destacan:

- Un plan de emprego que garanta ofertas públicas superiores ao 100 % da taxa de reposición para poder recuperar o emprego perdido nestes anos.
- Mellora das retribucións para recuperar o poder adquisitivo perdido desde 2010 e o recoñecemento salarial por desenvolvemento profesional.
- Dotación de persoais para unha atención adecuada e recuperación da atención á diversidade e outras áreas que sufriron drásticos recortes pola aplicación da LOMCE.
- Aplicación da Directiva 1999/70 da UE ao persoal interino, para garantir a igualdade esixida pola lei entre temporais e fixos.
- Supresión da nova normativa de substitucións con carácter básico.
- Negociación dunhas ratios que permitan que a tarefa de ensinar sexa efectiva.
- Recuperación da xornada lectiva e inclusión nela de todas as tarefas docentes, con adecuación voluntaria á idade e número de grupos.
- Negociacións para a recuperación da xubilación anticipada e incentivada para atender as necesidades do sistema educativo.
- Constitución de plans de igualdade para o sector do ensino.
- Negociación dun acordo sobre desenvolvemento profesional co recoñecemento debido en formación e retribucións.
- Articulación e harmonización do concurso xeral de traslados.
- Dotación aos centros de persoal educativo complementario e de apoio.
- Negociación da formación continua.

É urxente comezar a negociación de todas estas materias, sen esquecer outras condicións laborais que tamén sufriron recortes importantes ou non se chegaron a aplicar nos últimos anos: responsabilidade xurídica, acción social, licenzas e permisos, mobilidade, saúde laboral, novas tecnoloxías, etc.



**Defende os teus direitos!**

# **Folga Xeral**

**no Ensino**

